



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010336

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - ÁREA DE AUDIOVISUAIS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da Presidencia número 30745, do 22 de xullo de 2024 aprobouse a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de audiovisuais.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas. Xa que logo, todas as solicitudes concedidas provisionalmente considéranse aceptadas.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión definitiva das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2024 - Área de audiovisuais, seguintes

Titular da bolsa: ALMUDENA PARRO MÁRQUEZ

NIF: ***6333**

Expediente: 2024000017970

Obxecto da bolsa: Cuarto curso de grao en cinematografía con especialidade en Dirección de Fotografía e operadora de cámar no Bande à part Escuela de cine Barcelona

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: MARIO BELLO SEOANE

NIF: ***5827**

Expediente: 2024000017452

Obxecto da bolsa: Diplomatura de dirección de cine e TV Instituto do cine, en Madrid



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura

Expediente: 2024000010336

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: JOAQUÍN AMBOAGE BERMÚDEZ

NIF: ***2528**

Expediente: 2024000018131

Obxecto da bolsa: Máster profesional en composición e vfx na escola trazos en en Madrid.

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Titular da bolsa: TOMAS NOVOA FONTE

NIF: ***1858**

Expediente: 2024000018160

Obxecto da bolsa: Especialización en Dirección de Fotografía na Escola de Cine Bande à Part, Barcelona

Importe da bolsa: 10.000,00 €

Segundo.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación 220240009076, importe: 40.000,00€

Terceiro.- Publicar a presente concesión definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.